

#fotolingua

Bases do concurso 2020

#Fotolingua é unha iniciativa do Departamento de Lingua do Concello de Santiago de Compostela que ten como obxectivo colaborar na promoción dos establecementos comerciais composteláns comprometidos co uso do galego.

Desenvólvese nas redes **Facebook** e **Instagram** e apela á colaboración de cantas persoas desexen apoiar este obxectivo para lograr a máxima difusión das imaxes e dos negocios que reflectan. Con este fin, ademais da participación directa, coa publicación dalgunha imaxe segundo as bases que seguen, recoñecerase a participación indirecta compartindo e comentando as que outras persoas publiquen.

Requisitos

Poden participar todas as persoas maiores de idade, residentes no Estado español, que sexan seguidoras da páxina:

<https://www.facebook.com/fotolinguacompostela/>

ou do perfil de Instagram:

www.instagram.com/fotolinguacompostela

Tendo en conta o obxectivo deste programa, non se recomenda que as persoas titulares dos establecementos participen como concursantes xa que o que se persegue é a implicación do público-cliente como observador e divulgador.

Procedemento para participar

1. Sigue a páxina ou o perfil #Fotolingua en Facebook ou Instagram.
2. Pensa en establecementos comerciais, hostaleiros ou de calquera outra empresa compostelá en que o galego se vexa como a lingua habitual: cartelaría, escaparates, elementos decorativos, letreiros, etiquetaxe, sinalética...
3. Tira fotos orixinais nas que amoses de forma clara a presenza do galego neses establecementos e compárteas nas redes acompañadas dos catro cancelos do concurso: #EstablecementoEnGalego, #Fotolingua, #EnGalegoFaiADiferenza e #OGalegoVende.
Pódense publicar tantas fotos como se desexe. Ademais:
 - De empregar Facebook, sube a fotografía á páxina de Facebook de #Fotolingua.
 - En Instagram etiqueta na imaxe o perfil de #Fotolingua desta rede.
 - Acompaña a imaxe dos seguintes datos: nome do establecemento, enderezo e/ou localización xeográfica e algún comentario que destaque o negocio ou a imaxe que escolliches.

É condición indispensable que as imaxes das persoas que participen no concurso se suban á rede como **PÚBLICAS**, tanto en Facebook como en Instagram. Deste xeito serán visíbeis para todo o mundo e só así poderán ser recollidas pertinentemente polas persoas que administran o concurso. As publicadas en Facebook «só para amigos», ou aquelas que se fagan en Instagram cunha conta pechada ao público, non cumprirán cos requisitos necesarios para entrar no concurso.

A organización poderá retirar as imaxes que considere ofensivas.

Imaxes gañadoras

Outorgaranse dous premios:

1. Á imaxe que obteña máis «gústame» en Facebook ou «likes» en Instagram na súa publicación orixinal.
2. Á imaxe que sexa seleccionada pola organización atendendo á súa orixinalidade e capacidade para transmitir valores positivos á lingua.

Premios

As persoas que participen neste concurso como autoras das imaxes gañadoras recibirán cadansúa tableta Lenovo Tab como premio.

O agasallo non se trocará polo seu importe en metálico nin por ningún outro premio.

Comunicación do resultado do concurso

O resultado do concurso seralle comunicado ás persoas gañadoras por mensaxe directa de Facebook ou Instagram a partir do día 31/07/2020. Tamén se lles facilitarán as indicacións precisas para recoller o seu premio. As persoas premiadas deberán responder confirmando que aceptan o premio nun prazo de catro días naturais a contar desde o día seguinte ao da comunicación. En caso de que algunha das persoas gañadoras non conteste no prazo indicado para aceptar o agasallo, non cumpra algunha das normas deste concurso ou non queira ou non poida aceptar o agasallo, quedará descartada.

A organización, se o considera oportuno, poderá outorgar o premio á seguinte imaxe seleccionada en cada unha das categorías.

Unha vez que as persoas gañadoras establezan comunicación para aceptar o premio, farase público o resultado do concurso.

Sorteo entre todas as persoas participantes

Nesta edición de 2020, o concurso #Fotolingua ofrece a posibilidade de participar tamén nun sorteo cuxo premio consiste nun bono de 100 euros para gastar nos establecementos colaboradores.

Para participar nesta actividade é preciso:

1. Resolver correctamente a sopa de letras incluída nos folletos do #Fotolingua 2020 que se distribúen en establecementos da cidade e que tamén se poden descargar das redes sociais de #Fotolingua.
2. Enviar por mensaxe privada ao Facebook do proxecto unha fotografía da sopa de letras solucionada coas etiquetas #Fotolingua e #OgalegoVende. A imaxe debe ter calidade abonda para comprobar que a sopa de letras está resolta correctamente.

O sorteo realizarase o día 20 de xullo de 2020 e consistirá na selección dunha persoa gañadora de forma aleatoria entre as que enviaran correctamente a solución utilizando unha plataforma en liña. Ese mesmo día anunciarase nas redes de Fotolingua a persoa gañadora, xunto coa solución da sopa de letras e enviaránselle as instrucións para facer efectivo o premio. A entrega do premio non se realizará en metálico.

Autorización para divulgar

Tanto a participación no concurso, a través da publicación de imaxes cos cancelos indicados, como no sorteo, co envío de respostas ao xogo de palabras ocultas, implica a autorización para converter as publicacións en material susceptible de dinamización do proxecto #Fotolingua.

Prazo

Este concurso só terá validez no territorio do estado español entre o 01/07/2020 e o 30/07/2020, ambas as datas incluídas.

Outras normas

A organización resérvase a facultade de adoptar cantas medidas resulten oportunas para evitar calquera conduta sospeitosa de fraude, incumprimento das normas ou en prexuízo doutras persoas, incluída a exclusión e perda de dereito ao agasallo que eventualmente obtivera.

Así mesmo, tamén se reserva o dereito a excluír do concurso calquera imaxe que conteña elementos non adecuados ou que sexa contraria aos obxectivos de #Fotolingua.

A organización non é responsable das interrupcións ou erros en Internet, na páxina #Fotolingua, na rede por cable, nas redes de comunicacións electrónicas, erros de software ou hardware nin polos posíbeis erros na introdución ou procesamento de respostas, entregas ou datos persoais. No caso de se produciren problemas ou incidencias deste tipo, fará todo o que estea na súa man para corrixilos o antes posible, pero non asumirá ningunha responsabilidade ao respecto.

A organización exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos contidos por parte das persoas usuarias e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas que poidan deberse á suplantación de personalidade que puidesen realizar as persoas participantes.

A participación neste concurso implica aceptar o criterio interpretativo da organización á hora de resolver calquera cuestión derivada do concurso.

A organización resérvase o dereito a introducir cambios na mecánica do funcionamento desta promoción en calquera momento ou a finalizala de forma anticipada se fose necesario por xusta causa, sen que disto poida derivarse responsabilidade ningunha. Non obstante, estes cambios comunicaríanse debidamente a través da páxina do concurso e, se é o caso, doutros medios e procurarían evitar que os cambios prexudicaran unhas persoas participantes a respecto doutras.

Coa participación neste concurso recoñécense e acéptanse estas bases e os dereitos de propiedade intelectual que puidesen afectar aos materiais relacionados con el.

Non poderá participar nesta promoción ningunha persoa que, de calquera xeito, estivese implicada na súa preparación.

A interpretación destas bases e o seu cumprimento rexeráse pola lexislación española. Calquera controversia que resulte da interpretación ou incumprimento destas bases someterase aos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela.